

---

***Estudos em Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela, Porto, Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 2005, 2 vols., 922 páxinas***

---

Coa organización da Secção de Linguística do Departamento de Estudos Portugueses e Estudos Românicos da Universidade de Porto, felizmente representada pola profesoras Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva, é que saíu do prelo, no decembar do ano 2005, unha interesante obra de homenaxe ao egrexio lingüista trasmontano Mário Vilela, que leccionou, como catedrático, Língua e Lingüística portuguesas. As súas aulas tiveron lugar non só na institución portuense, a que pertence, mais noutras universidades de Portugal, da Galiza ou do mundo. Nestas, quer como profesor convidado, quer como responsábel de cursos monográficos, de mestrado ou de doutoramento, partillou o seu saber e as súas investigacións con colegas e co estudantado. E esas universidades souberon retribuír, coas pesquisas que foron publicadas nos *Estudos de Homenagem ao Professor Doutor Mário Vilela* (en adiante EH), aquelas aulas e explicacións: a Galiza, Portugal, a España, o Brasil, a Finlandia etc. están presentes nas páxinas da colectánea a través tanto das persoas que participan nela canto das diferentes institucións en que desenvolven o seu traballo docente ou investigador.

Non resulta tarefa doada recensionarmos unha obra que é formada por máis de setenta traballos e que aborda diferentes asuntos ou temáticas á volta da especulación en lingüística. Porén, séndomos totalmente conscientes deste grao de conflituosidade, quereríamos ponderar algúns aspectos que, ao noso ver, merecen seren salientados no conxunto dos EH. A primeira cuestión ten que ver coa(s) lingua(s) en que, en xeral, están centrados eses contributos: embora non falten algúns artigos dedicados a outra, a lingua portuguesa focaliza a maior parte desas pesquisas, o que resulta lóxico a termos en conta que foi ese idioma o preferencialmente estudado e empregado por Mário Vilela nas súas investigacións. A este respecto, a obra contén algúns textos escritos en galego ou centrados nesta lingua ou na situación lingüística da Galiza, cal é o caso, por exemplo, de Alexandre Rodríguez Guerra (“Parámetros (co)implicados na ordenación de constituíntes oracionais en latín”, vol. I, p. 51-70), de Iago Bragado Trigo (“Marcadores explícitos de tópico em Galego e Português: equivalências e divergências”, vol. I, p. 253-262), de Júlio Diéguez (“A condição de *Portuguesa* da língua da Galiza”, vol. II, p. 469-478), de Ramón Mariño Paz (“Cronoloxía da desaparición dos participios verbais terminados en *-udo* en fontes galegas medievais”, vol. II, p. 795-809) ou de Xosé Ramón Freixeiro Mato (“O uso dos conectores contraargumentativos *mais, pero, pro* e *porén* no galego escrito actual en confronto co galego-portugués medieval”, vol. II, p. 901-913).

Obviamente, o feito de os artigos estaren escritos na norma portuguesa ou na da Galiza non resta validez e aproveitamento á maior parte de todos eles para as pesquisas desenvolvidas no noso país e para a súa aplicación ao galego, pois a maior parte dos fenómenos lingüísticos do sistema galego-portugués ten correspondencia nas dúas ribeiras miñotas.

O segundo aspecto que queremos pór en relevo é o protagonizado pola presenza dos eixos sincrónico e diacrónico no conxunto dos textos publicados nos EH. Certo é que o predominio se inclina a favor da investigación no plano sincrónico, de acordo coas tendencias da lingüística moderna e en confronto coas liñas pesquisadoras doutras épocas, como o século XIX. Mais, a pesar desa lóxica orientación maioritaria dos traballos, non faltan algúns en que o eixo cronolóxico optou decididamente pola lingüística histórica ou pola historiografía gramatical. Así acontece cos contributos de Amadeu Torres (“Verney e as correntes coeva e posterior do filosofismo gramatical”, vol. I, p. 71-78), de José Barbosa Machado (“O léxico obsceno na prosa medieval portuguesa”, vol. I, p. 377-386), de Maria Carmen de Frias e Gouveia (“A categoría gramatical de género do portugués antigo ao portugués actual”, vol. II, p. 527-544) ou de Rogelio Ponce de León (“Para una gramaticografía antijesuítica: o *Exame da syntaxe e reflexoens sobre as suas regras* (Lisboa, 1729) de Manuel Coelho de Sousa”, vol. II, p. 811-822).

Máis de setenta artigos implica, como se poderá presupor, unha grande diversidade e unha notoria gama de correntes, escolas ou disciplinas lingüísticas. Precisamente a tal variedade leva a nosa pena a sobrancear o seguinte aspecto, o terceiro, como é a presenza na colectánea de diferentes orientacións teóricas ou disciplinares. Así as cousas, a lingüística cognitiva (de que expomos, a modo de exemplo, o traballo de Augusto Soares da Silva, “Palabra e conceptos no tempo: para una onomasiología diacrónica e cognitiva do portugués, vol. I, p. 121-139), a dialectoloxía (de que serve como mostra o artigo de Brian Franklin Head, “Características das variedades populares e rurais do portugués brasileiro contemporáneo que correspondem à documentação dos primeiros dicionários portugueses, vol. I, p. 147-159), o aprendizado da lingua por parte das crianzas (cal o traballo de José Ramón Blánquez Vico, intitulado “La adquisición de la preposición *de* en niños bilingües catalano-castellanos: separación de códigos lingüísticos y adquisición similar a los monolingües”, vol. I, p. 439-448), a psicolingüística (como Maria da Graça L. Castro Pinto e o seu artigo “Da Psicolingüística: um verbete que se tornou ensaio”, vol. II, p. 751-583), a lingüística comparada (no contributo de Killpatrick Campelo, “Um estudo contrastivo dos demonstrativos em português, japonês e tupi”, vol. II, p. 479-491), o estudo do léxico (cal é o caso do texto de Manuel G. Gericota co título “Da criação tecnológica à invenção das palavras numa perspectiva da engenharia electrotécnica, vol. II, p. 507-525), a sintaxe (como por exemplo o texto de Leonel Figueiredo de Alencar, “A discrepância entre valência sintáctica e semântica

nas construcións anticausativas alemãs”, vol. II, p., 493-506), a fonoloxía (como o contributo de Maria Elisete Almeida, “A dupla tendéncia do portugués para a oxitonización e a monossilabação en comparación con o francés”, vol. II, p. 611-818) etc., aparecen, ao longo das case mil páxinas que enforman os EH, representadas en varios artigos que contribúen para unhas enriquecedoras e louváveis politemática e multiperspectivación do fenómeno lingüístico.

Mais, a pesar de ter a obra unha elementar orientación lingüística e filolóxica, figuran nela algúns traballos a que mellor lles acaería o cualifiativo de estudos literarios. Lonxe de esta circunstancia perturbar no mínimo a estrutura da *Homenagem* ou de lle restar coherencia, serve para ponderar, máis nunha ocasión, a diversidade de temáticas e de orientacións disciplinares. Deste modo, os traballos de Ana Paula Coutinho (“O portugués migrante: uma leitura da revista *Peregrinação*”, vol. I, p. 79-88), de Marie Graciete Vilela (“Sobre o ensino da literatura: os ensinamentos de Xerezade”, vol. II, p. 633-641) ou de Maria Manuela da Costa Santos (“A escrita opaca de Invenção de Orfeu de Jorge de Lima”, vol. II, p. 721-730), poñamos por caso, eríxense en excelentes testemuños desoutros percursos, dos literarios, que tamén figuran nas páxinas da colectánea dedicada a Mário Vilela.

O cuarto aspecto que desexariamos salientar e que fica moito unido ao punto anterior consiste na harmonía con que son combinadas as máis recentes correntes na lingüística moderna, como a orientación cognitiva, da cal o propio Mário Vilela leva editado ou publicado interesantes e referentes traballos (*Actas do 1º Encontro Internacional de Linguística Cognitiva (Porto, 29/30-5-98)*, 1999, Porto, Faculdade de Letras do Porto, en colaboración con Fátima Silva; *Metáforas do Nosso Tempo*, 2002, Coimbra, Livraria Almedina), coas disciplinas ou nortamentos considerados máis ou menos clásicos, cal a lingüística diacrónica. Pensamos que o acerto desa maridaxe é debido tanto ao número de contributos canto á súa calidade, tanto á diversidade de orientacións como ao percurso pesquisador de cada persoa que participa nos EH. Por este motivo, a rigorosidade da obra, no seu conxunto, resulta ser acorde co homenaxeado, que, mercé aos seus traballos, se converteu nunha das referencias da lingüística portuguesa do século XX (e tamén do XXI).

Finalmente, e xa como derradeira cuestión, debemos ter, igualmente, unhas merecidas palabras coas organizadoras, isto é, coas profesoras a que xa fixemos referencia ao comezo destas páxinas, Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva, todas tres pertencentes á Faculdade de Letras da Universidade do Porto e cuxas publicacións seguimos na nosa práctica docente e investigadora. Con efecto, as tres persoas encarregadas da edición e da organización dos EH fixeron un labor certamente louvável, serio e elegante, que concluíu en dous volumes pulcramente presentados e maquetados e cuxos artigos son coherentemente dispostos por orde alfabética. Aínda que noutras obras de similares finalidades e características se opta por unha ordenación suxeita quer á temática, quer ás liñas pesquisadoras, o

que tamén resulta perfecta e totalmente lexítimo, a estruturación partindo da orde alfabética ofrece, ao noso ver, a vantaxe da facilidade na consulta e a clareza dos criterios da disposición.

Somos da opinión de que o principal protagonista desas case mil páxinas, o Profesor Doutor Mário Vilela, se sentirá honrado con esta colectánea de contributos na súa homenaxe. Parabéns, pois, para a entidade responsábel da organización, a Secção de Linguística do Departamento de Estudos Portugueses e Estudos Românicos da Universidade de Porto, exemplarmente representada polas tres profesoras da institución portuense.

*Xosé Manuel Sánchez Rei*  
*sanrei@udc.es*